# ALUMIÑOS




Sumario

Nº 27 - ANO XXI - CEIP DE PONTE SAMPAIO 2012

Saúdos, queridos amigos e amigas:
Contento estou porque o Celta e o Deportivo conseguiron, por fin, o ascenso a 1ª División.
Foi difícil pero, finalmente, despois de meses de duro traballo, o seu obxectivo está conseguido.
Tamén é traballoso cada curso para os nenos e nenas do CEIP de Ponte Sampaio: estudo, exercicios, exames, ... ; pero esforzo paga a pena e, na meirande parte dos casos, os obxectivos están acadados.
Felicidades a todos !!!
A todos os alumnos e alumnas de 6º que deixan o centro para continuar coa ESO, unha forte aperta e os mellores desexos de éxito nesa nova etapa que comezan. Botarémolos de menos.
Como sucede no remate de cada curso, quérovos presentar unha pequena mostra dos traballos e actividades que se fixeron no Centro este ano.
Espero que os disfrutedes.

Saúde e sorte.



# AS FLORES

Os nenos e nenas de 3 anos estivemos traballando sobre as plantas, e máis en concreto sobre as flores, no terceiro trimestre.




O primeiro que fixemos foi determinar as nosas ideas previas para saber cantas cousas sabíamos; unha vez feito isto estivemos pensando que máis cousas queríamos coñecer sobre as plantas.




Unha vez tivemos decidido que queríamos saber puxémonos a traballar e con axuda dos mestres e das nosas familias aprendemos un montón de cousas.

Algunhas das actividades que fixemos neste proxecto foron:

## OBSERVAR COMO SE ALIMENTAN E MEDRAN AS PLANTAS





## PLANTAR



HERBA DE GATO



LENTELLAS



CARABUÑAS DE CEREIXA



PEMENTOS

## APRENDER ADIVIÑAS E POESÍAS






# OBSERVAR AS FLORES NA ARTE







## E DESPOIS... INTENTAR FACELO NÓS











## REALIZAR MANUALIDADES DE FLORES











E. Infantil 3 anos

# QUE LÍO DE CALCETÍNS!



Xulieta era unha nena tan divertida como despistada que sempre acababa poñendo os calcetíns diferentes xa que no seu caixón había moitos calcetíns.

Había un de raias rosas e amarelas e outro de puntos laranxas e verdes. O de raias era un calcetín de moi boa calidade e ademáis de bo era simpático con todos, xa foran de cores lisas, puntos, cadros ou raias.

O de puntos era de moi mala calidade, era malo tamén de carácter (se fose humano sería racista) odiaba a todos os que foran diferentes a el, especialmente ao de raias e facíalle a vida imposible.

Un día de inverno, como facía moito frío, Xulieta levou dous pares de calcetíns. No pe dereito estaban o de raias e o de puntos e no pe esquerdo iban dous brancos.

Foi un día moi duro para Xulieta, tivo que ir a moitos sitios.

Ao chegar a casa foi a ducharse. Non se acordou de sacar os calcetíns, e meteunos na bañeira. Os calcetíns desteñíronse. Cando Xulieta se dou conta quitounos rápidamente pero era demasiado tarde. O de raias rosas e amarelas convertiuse

nun calcetín de raias laranxas e verdes e o de puntas laranxas e verdes convertiuse nun calcetín de puntas rosas e amarelas.

E así o calcetín aprendeu a lección e nunca máis volveu a burlarse de ningún calcetín.

Todos compartían o mesmo caixón e partíanse de risa cando Xulieta, co seu despiste levaba os calcetíns cambiados ao colexio e os seus compañeiros/as a miraban extrañadas.






Andrea 6º

Educación Infantil 3 anos

Luns 4 de xuño 2012

# Hoxe fomos en Ambulancia




**Os nenos e nenas de 3 anos fomos de paseo en ambulancia ata a Xunqueira e pasámolo de marabilla, ademais non só foi iso senón que probamos todos os aparellos que alí atopamos e eran aptos para nós: un collarín, o termómetro, un tensiómetro, a camilla... aprendemos moitísimas cousas e grazas a iso descubrimos que cando sexamos maiores nos encantaría traballar de médicos e enfermeros ou enfermeras.**



Se queredes saber máis do noso paseo en ambulancia ou de algunha outra das nosas actividades non dubidedes en visitar o noso blog:

Ospequesdepontesampaio.blogspot.com.es

*O peor da nosa visita á Xunqueira e do noso paseo na ambulancia foi que cando estabamos alí unha chica levou un golpe enorme e tivemos que axudar a coidala ata que se recuperou e puido volver á súa casa (pórlle o collarín, verlle a temperatura, verle a tensión...) ¡menos mal que estabamos nós alí!*








DÍA DAS LETRAS GALEGAS
2012
As bruxas de Vozqueimado
deixan as vasoiras fóra
para tornar enmeigado
ao que camiña a deshora.
VALENTÍN PAZ ANDRADE
1º CURSO

# COUSAS NOSAS:

***Temos un novo veciño na clase, non pensedes que é un neno. É un gorrión ! Superbonito.***



Fixemos un simulacro de incendio, o mellor foi cando votaron fume nas escaleirase, non viamos nada.

**Viñeron a darnos unha charla sobre os usos do mel e Pablo puxo o traxe de apicultor.**

***Para todos os nenos e nenas do colexio houbo un teatrillo de monicreques .***

Por veces ocorre algunha que outra pelexa no autobús.
É cousa de nenos, non ten gran importancia.

Veu unha moza chamada Natalia Puga e explicounos cousas importantes sobre como se organizaban as noticias do periódico, a elaboración, os apartados…

*Fixemos unhas regueifas no entroido para meternos cos profes, pero non lles pareceu mal.*

**Este ano non fomos a ningunha excursión pero... gustaríanos ir a algunha.**

Andrea, a nosa compañeira de clase, tivo que operarse do apéndice, pero xa está moi ben!

Damos a benvida a todalas profes novas que viñeron este ano ao colexio.

*Alumnado de 6º*



# OS ANIMAIS

Os nenos e nenas de 3 anos estivemos estudando os animais durante o segundo trimestre, e despois de ver moitos animais, de estudalos e de facer un pequeno traballo sobre as nosas mascotas, así é como nós os facemos.











Ademais, como no resto das peticións da profe, os nosos papás axudaron moito e trouxéronnos algunhas das nosas mascotas ao colexio para que as visen os nosos compañeiros e compañeiras.









*E. Infantil*
*3 anos*



# Os versos de García Teijeiro







A lúa chove no río
e nas sombras das feridas
que ás persoas inocentes
está a deixarlles seida.

A lúa chove no río
e nunca, nunca, se afoga,
porque chove con ledicia
e acariña e mesmo, xoga.

A lúa chove no río
e leica no corazón
a todos aqueles seres
que perden a súa voz.

A lúa chove no río
e no corpo dos meniños
que vagan de río en rúa
na busca dun aloumiño

Pandeiro da choiva,
que cantas outonos,
intenta que a nena
durma no teu colo.



É un berce de calma,
un berce ben morno,
para que a rapaza
atope consolo.

A nena está cansa
e treme o seu corpo;
andou pola fraga
fuxindo dos lobos.



Pandeiro da choiva,
que cantas outonos,
espanta os seus medos
e bícalle os ollos.



Debuxa unha barca
a choiva na area,
non sei se unha dorna
ou unha gamela.



E chaman as ondas
a barca pintada;
queren arrolala
ben lonxe da praia.



Contenta sorrilles
ás ondas sinxelas
e pídelle ó vento
que a leve con elas.



No medio da escuma
a barca da choiva
semella unha fada,
semella unha moza.



Alumnado de 5º



Neste berce silandeiro
caeu a choiva salgada
e a meniña que durmía
espertou sobresaltada.



Quixo tocar as estrelas
pero estaban ocupados.
Quixo coller unhas pingas
desa choiva despistada.

Quixo bicar os regueiros
que bailaban na almofada.
Quixo lavar o seu rostro
nos brancos sabas mollados.



No berce da pequerrecha
hay unha azul enseada
onde os peixes aloumiñan
á meniña espabilada.

Vaia choiva xoguetona.
Vaia choiva despistada
que lle roubou ós nubeiros
algodón e auga salgada

Antonio García Teijeiro

# EL TRES EN RAYA

# O PAI, FILLO E NAI

# TIC, TAC, TOE

Trátase do mesmo xogo pero escrito en castelán, en galego e en inglés. Este é un xogo para dous xogadores. Cada un irá colocando cada unhas das tres pezas ou fichas que posúe ata conseguir formar unha liña recta.



Así foi como construímos e decoramos os nosos taboleiros e tamén as nosas pezas.







As pezas fixémolas con pasta para moldear (que nos trouxeran os Reis Magos no Nadal). Tamén podedes ver algún truco que usabamos par facer os ollos ou a boca.



Alumnado de 2°

# PAXAROS DE CIDADE

Con este título poderiamos imaxinar que imos falar dos maleantes que percorren Madrid, ou Barcelona, pero nada mais lonxe da realidade, imos falar da charla que nos viu dar Federico de la Peña sobre as aves que habitan a cidade de Pontevedra.




Federico de la Peña é un ornitólogo pontevedrés que este ano veunos presentar un DVD sobre as aves de Pontevedra. É incrible a variedade de aves que estan ao noso arredor: gaivotas, gorrións, golondrinas, mouchos, lechuzas, galiñas de auga, cisnes, merlos, pegas, garzas, cormoráns…Algunhas viven preto das persoas, pero outras como as pombas habitan directamente con elas.



Durante o documental poidemos observar algúns dos seus costumes, así soubemos que as gaivotas defecan por riba de todo aquelo que as ameaza, vimos como un pequeno paxaro escachaba os caracois contra as pedras, como a lechuza cazaba ratos dentro dunha capela situada nun cemiterio e moitísimas cousas mais.

Algúns paxaros viven durante todo o ano nas nosas terras, pero outros so están de paso xa que son aves migratorias.



Ao final do video poidemos facer preguntas a Federico para coñecer mais cousas sobre estes animais, e tivemos unha sorpresa: amosounos unha rata, pero non unha rata calquera, era unha rata famosa pois saira en varios anuncios, era o seu animal doméstico. Sorprendeunos saber que son limpísimas e que adican moito do seu tempo ao seu acicalamento.

Gustounos moito!

*Alumnado de 5º*

# SIMULACRO



Cando fixemos o simulacro de incendio tocou o timbre 5 veces e apagáronse as luces.



Saimos o andar e había tanto fume que non viamos nada, tapamos a boca e o nariz.



## 11 DE MAIO

Baixamos as escaleiras coa man pola parede contra o lado dereito.

Jok Miki IKER Irene
~~Antón~~ Joana Anxo Antía
Ángel Raúl Uxía



No andar de abaixo había tanto fume que alí si que non se vía nada.





Ainda que sabiamos que non era de verdade sentimos medo, sorpresa, nervios.

1º CURSO

Os bombeiros dixeron que o fixemos moi ben e que sempre tiñamos que facer caso a os profesores e profesoras e que non perdamos a calma.

# Distintos pero iguales

**Este curso estuvimos viendo que en el mundo hay distintas razas, culturas, religiones, tradiciones….**
**De esta inmensidad de culturas escogimos algunas. Son las siguientes:**

## LOS KAYAN

Los Kayan son una tribu de Birmania (Asia) compuesta por poco más de 7.000 habitantes.

Las mujeres de esta tribu mantienen la antigua tradición de alargarse el cuello con anillos en forma de espiral. Por eso se le conoce por el nombre de "mujeres jirafa". Se ponen los anillos desde los 5 años, aunque realmente el cuello no se alarga si no que bajan las costillas. Una mujer llegó a ponerse 27 aros que pesaban unos 9 kilos y alargaban su cuello unos 10 cm.



Las hijas de las mujeres Kayan nacen con cuellos de longitud normal. Si las mujeres Kayan dejaran de poner los aros, al cabo de una sola generación, los cuellos de las mujeres de esa tribu serian todos normales.

También se ponen anillos por todo el cuerpo que. según los científicos, son para que los tigres no le muerdan, pero en realidad para las mujeres es un símbolo de belleza.

La gente de la tribu está dispuesta a sobrevivir con las limosnas de los turistas que le pagan para ver a las dichas "mujeres jirafa"

## LOS KOMBAI

Los densos bosques de Papúa son un rico y complejo mosaico de diferentes grupos tribales.

Papúa está en Nueva Guinea (Indonesia).

En las estribaciones de la sierra, viven los asombrosos Kombai, tribu que ha permanecido oculta al mundo exterior durante generaciones. Hay más o menos 4000 miembros en la tribu. Los Kombais son cazadores y recolectores.

Los hombres cazan una gran variedad de presas incluyendo jabalíes, utilizando arcos y flechas y valiéndose de unos adiestrados perros rastreadores. Los jabalíes son domesticados para uso ritual de ofrenda a los dioses.



Viven en lugares altos (copas de árboles) para protegerse de las inundaciones y de los mosquitos.

Practican el canivalismo a los hombres identificados como brujos, a los que le comen el cerebro y el estómago por que creen que ahí está el alma. Hay tradiciones como la de perforarse la nariz con una espina y, a veces, los ojos de murciélago se utilizan como adorno para las mujeres.

Dentro de 20 años la tribu desaparecerá ya que es un país muy rico en oro y cobre y será explotado por países extranjeros.

# LOS MASAI

Los masai son una tribu de pastores y guerreros orgullosos que viven en Kenia y Tanzania (África). La tribu tiene 883.000 individuos.

Viven en lugares llamados maniatas, las chozas se construyen con unos ladrillos preparados a base de excrementos de animales, paja y barro. Las paredes son alisadas y ahumadas y no tienen ventanas. Los hombres y las mujeres lucen vistosas dilataciones en las orejas de hasta un palmo de longitud. Coleccionan un gran número de danzas rituales y cánticos, que enseñan a los turistas a cambio de dinero.



Son nómadas que viven del pastoreo y de la agricultura.

De los animales obtienen la leche para su consumo y el excremento con lo que recubren las chozas.

Pocas veces matan al ganado para alimentarse, de vez en cuando alguna oveja o cabra. Cuando lo hacen utilizan los cuernos como recipientes; con las pezuñas y los huesos hacen adornos y con la piel hacen calzado.

Los niños son guerreros y las niñas es habitual que los padres les busquen matrimonio.

# LOS PIGMEOS

La tribu de los pigmeos se encuentra en el África ecuatorial. Sobreviven aproximadamente unos 200.000 pigmeos y es una tribu nómada.

Los hombres se caracterizan por su baja estatura (miden menos de 1,50 m.)

Viven de la caza, de la recolección de alimentos naturales y del intercambio de materiales y comida que no necesitan con las tribus vecinas y si no, los venden.



Tamaño de un recien nacido

Usan unas flechas envenenadas que pueden matar al animal pero no envenena la carne.

Con el colmillo de los elefantes hacen unos dibujos especiales en la corteza de los árboles.

Cuando hay fiesta se pintan la cara con dibujos negros, que para ellos es un símbolo de alegría y además hacen unos cánticos muy característicos que consisten en repeticiones y actos creativos.

Muchos miembros de esta tribu son esclavos y les pagan con cigarrillos, ropa usada o incluso nada.

Es otro estilo de vida.

# LOS MURSIS

Los mursi son una tribu del sur de Etiopía. Una tribu muy característica.

Las mujeres rapan la cabeza, pintan el rostro y lucen tocados como hierros, chapas, caracolas … pero lo más impactante son los platos que se colocan en los labios y en las orejas. Estos platos de cerámica o madera pueden llegar a 20 cm de diámetro. Cuanto más grande es el plato más valorada es la mujer.



Los hombres pintan el cuerpo con dibujos geométricos y llevan aros, plumas o cuernos de animales.

Viven de la ganadería, la agricultura y la recolección de miel y cuando los cereales escasean se alimentan con una mezcla hecha con sangre y leche de vaca.

AIDA, ANDREA, ANXO, FERNANDO, JUDIT Y PABLO (6º)



When Carnival arrives

We All like it a lot

We aRe ready to enjoy

Wearing fuNny clothes

enjoyIng parades

and traVelling on floats

We also make pAncakes

And dance alL day long



6º

# Imos de festa

## A RAPA DAS BESTAS

No século XVIII comezou a festa chamada Rapa das Bestas de Sabucedo

Cada ano o primeiro sábado, domingo e luns de Xullo celébrase un curro no municipio de A Estrada, en Sabucedo.

Son máis de 600 cabalos, chamados "bestas" ás femias e "garañóns" aos machos.

Esta celebración consiste en recoller os cabalos do monte, metelos nun curro, rapalos e marcalos cun microchip. Non se utilizan armas ou aparellos para inmovilizar aos cabalos. Os aloitadores (son os que suxeitan aos cabalos) usan só a destreza e o seu corpo para realizar o seu labor.

Outra tradición dentro desta tradición é que o Sábado pola mañá celébrase unha misa para pedirlle a San Lorenzo (o patrón de Sabucedo) que non ocorra ningunha desgraza ou accidente durante a festa.

En 1.963 foi declarada Interes Turístico Nacional, é no 2007 foi declarado Interes Turístico Internacional.





# A Arribada

A Arribada é unha festa que se celebra en Baiona con motivo da chegada de Martín Alonso Pinzón na carabela "Pinta" a esa vila no 1 de marzo de 1493 tras o descubrimento de América, despois de separarse das outras naves debido a unha tronada.

A data desta festa varía cada ano, coincidindo co primeiro fin de semana do mes de marzo.

É unha festa que acolle máis de 30.000 persoas e esta é unha cifra que vai en aumento.

As rúas do casco antigo énchense de postos de artesanía, xogos populares, zapateiros, bufóns, e tamén se poden degustar comidas relacionadas coa época medieval.





# Romería Vikinga

O primeiro domingo do mes de agosto na localidade pontevedresa de Catoira, celébrase a Romería Vikinga, una das festas máis divertidas de Galicia. É unha festa declarada de Interés Turístico Internacional.

A orixe desta espectacular romería vólvenos ao século XI, cando os vikingos trataron de adentrarse nesta ría co obxetivo de conquistar Santiago de Compostela. Os habitantes desta localidade trataron de impedilo.

Esta festa celébrase ao redor das Torres do Oeste mandadas construír por Alfonso V. Das sete construídas só quedan dúas en pé. Os xóvenes da vila suben aos barcos Drakkar vestidos con peles e cascos con cornos. E despóis da loita entre os vikingos e os da vila remata todo cunha mexilonada gratuíta.





# A Feira Franca De Pontevedra

A festa ten lugar o primeiro fin de semana de setembro.

Celébrase porque o rei Henrique IV no 1.467 concedeulle a cidade a celebración dun mercado libre de impostos, a xente podía entrar na cidade sen ter que pagar ningún imposto por vender os seus productos.

A feira celébrabase 15 días antes e 15 días despois de San Bartolomeu (o 24 de agosto) e estivo no esquecemento ata que no ano 2000 volveu a celebrarse.

Dende hai varios anos cada feira adicase a unha temática diferente: os artesans, os trovadores ,os camiñantes...

Na feira hai telleiros, zoqueiros , ferreiros... As tardes hai torneos medievais e pola mañá chega o carro de viño procedente de Castela.

A xente pon con vestidos da época e fanse xantares con comidas que recordan a época medieval.





A VOZ do VERDUGO

Luns, 26 de marzo de 2012 Redacción: E.N.D.L. CEIP de Ponte Sampaio Nº 4

# SEMANA DA PRENSA

**Do 12 ao 16 de marzo no CEIP Pontesampaio celebramos a *Semana da Prensa* con distintas actividades enfocadas a ampliar os nosos coñecementos sobre este medio de comunicación escrito.**

## QUE É A PRENSA?

A prensa é un medio de comunicación informativo impreso no que se reflexan noticias de actualidade.
Unha noticia é un relato que informa sobre un suceso respondendo as seguintes preguntas:

Que pasou?
Onde pasou?
Cando pasou?
A quen lle pasou?
Por que pasou?

## SEMANA DA PRENSA

Do 12 ao 16 de marzo celebramos a *semana da prensa*. O que se pretende con esta celebración é valorar a importancia que a prensa ten nas nosas vidas, asi como a importancia que ten o estar informado dos sucesos que ocorren ao noso arredor.
Os alumnos e alumnas do colexio, dividos por ciclos, fixeron diversas actividades para conmemorar esta semana:

Os máis cativos utilizaron os xornais para facer actividades manuais. Hai que ver que traballo



mais divertido! Nalgúns casos os xornais eran tan grandes coma eles.
Os alumnos de primeiro ciclo deixaron a súa pegada dunha maneira moi orixinal.



Os do 2º Ciclo fixeron un mural chamado "A prensa galega onte e hoxe", no que se pode analizar a evolución dos xornais galegos ao longo da historia.



Sabiades que o xornal galego mais antigo, que aínda se publica, é o Faro de Vigo? Apareceu alá polo ano 1853.

Os do 3º Ciclo fixeron dous mapas, un de Galicia e outro de España, e colocaron neles os logotipos dos periódicos no sitio onde se publican, por comunidades autónomas, no de España, e por comarcas no de Galicia.



Fixeron tamén un esquema de cales son os pasos que segue unha noticia dende que ocorre ata que que chega a nós, unhas gráficas sobre os xornais mais lídos en España e unha mascota da semana da prensa, a que se lle chamou *Prensi*.
O profe Juan colecciona xornais de todo o mundo, así que trouxo moitísimos diferentes de toda España, e organizamos unha exposición xunto cos traballos que fixeramos os alumnos. Ao longo da semana puidemos baixar á exposición e manipular os xornais para ver as diferenzas que había entre eles.

## VISITA

Durante esta semana visitounos a irmá da profe Silvia. Chámase Natalia e é unha periodista do xornal "El Mundo". Explicounos como é o traballo dun periodista, cales son as suas funcións, o material necesario...



## PROGRAMA DE RADIO

O alumnado de 6º curso tivo a sorte de poder gravar un programa de radio para a cadea **Onda Cero** - Pontevedra.
Para iso desprazouse unha periodista chamada Lorena ata o noso cole.



Cada un de nós fomos gravando un resumo das nosas actividades relacionadas coa semana da prensa e co periodista Valentín Paz Andrade, homenaxeado no Día das Letras Galegas. Logo isto emitiuse nun programa diario ao longo de toda a semana. O programa era "*Dálle á lingua*". Durante a semana na que se emitiu escoitámolo todos os días na clase.
As nosas voces parecianos moi raras, pero foi unha boa experiencia.

# OS NOSOS BLOGUES






http://clubdepinco.wordpress.com/




http://www.ospequesdepontesampaio.blogspot.com.es/




http://pontelendo.blogspot.com.es/




http://xizepizarra.blogspot.com.es/




http://enredatetitamen.blogspot.com.es/




http://despoisdeverunvideo.blogspot.com.es/

# Os nosos autores




No niño novo do vento hai unha pomba dourada... ¡Que bonito!
Si, escribín poemas moi fermosos, pero tamén fun periodista. ¿Sabías que fun director de EL FARO DE VIGO
¡Si que o sabía!
Rosa e Álvaro Cunqueiro
Espero que tamén sescas admiradora da nosa lingua
Son grande admiradora súa. Sabrá que eu vivín en Padrón?
Iria e Rosalía de Castro
¿Sabes como se chama o meu poema máis famoso?
¡Claro que o sei! Chámase "Longa noite de pedra". E é moi triste.
Igor e Celso Emilio Ferreiro
¡Non me digas! Pois é unha terra fermosa.
Así que vostede viviu en Cali. Pois eu teño familia alí.
Angie e Avilés de Taramancos
É a lingua máis fermosa do mundo
É un orgullo que un rei tan importante valorase tanto a lingua galega
Noel e Afonso X, O Sabio
É verdade. A vida non é xusta.
Que poemas tan tristes escribiches! Supoño que así te sentías.
Fabio e Lois Pereiro
¿Que lle queres, amigo? A vida é así.
"O vento é bon tecelán"... Que mágoa que morreses tan novo e non puideses seguir escribindo
Samuel e Lois Amado Carballo
A min encántanme os teus poemas! Como puideches inventar tantos e tan fermosos?
É moi fácil, Marta, eu sempre fun un anamorado da literatura galega. Como sabes eu nacín en Lérez (Pontevedra)
Marta e Valentín Paz Andrade


¿Gústanche as Cantigas de Amigo, Luis?
¡Claro! Sobre todo as vosas...
Luís con Martín Códax, Meendiño e Xohan de Cangas
Encántame o seu poema "Ai vén o maio"! É precioso.
Tes que ler todo o meu libro "Aires da miña terra"
Álex e Manuel Curros Enríquez
Cousos do lobo! Caborcos de xabarín. Eidos solos... Gústache Lauriña?
É marabilloso
Laura e Uxío Novoneyra
Ata as Letras Galegas do vindeiro ano. ¡Bicos do 2.º Ciclo!
Eu fun grande admiradora de Rosalía ¿Ti non?
¡Por suposto! Todo o mundo debería selo.
Alba e Francisca Herrera Garrido
Coñeces o meu poema "Os pinos"
¡Claro! É a letra do noso himno.
Adrián e Eduardo Pondal




O outro día tivemos unha entretida charla sobre o mel.

Dixeronnos moitos cousas: que o mel é un líquido viscoso e moi doce que fan as abellas nas súas colmeas despois de chupar o néctar das flores, que son uns animoliños moi ordeados e traballadores que tamén fan cera, como coidan a súa raíña que só pon ovos e como fan os apicultores para recoller o mel.

Logo buscamos nós algúns usos do mel e tamén algunha receita.



## USOS DO MEL

- Para os beizos resecos ou grietados.
- Para o estrinximento.
- Para a ansiedade.
- Para comer.

- Para a gripe.
- Para suavizar o pelo con champú.
- Para alimento das abellas...

# RECEITA

## ROSAS CON MEL

**Ingredientes:**

170g de fariña.
250g de leite.
2 ovos.
30 g de licor de anís.
1 cullerada de vainilla.
500g de aceite de oliva.
100g de mel
50g de zume de limón.

**Preparación:**

Logo de mezclar todos os ingredientes, pon a ferver unha tixola con aceite e mete o molde na masa, logo de escurrilo, pono na tixola.
Cando a rosa saia do molde e estea douradiña está lista para comer!!

# ADIVIÑA

Moitas monxas nun convento, visitan flores e fan doces dentro.

Iris 6º

# SERES FANTÁSTICOS DA TRADICIÓN GALEGA

## IMAXINADOS POLOS NENOS E NENAS DE 1º CURSO





PAPÓN

É un xigante que come nenos adevirte dos suas intencións, se non fan caso cómeos.



Son trasnos que fan sorrir aos nenos moi pequenos



MENIÑEIRO

TRASNO

Duende que habita nas casas e que gosta bromas pesadas.
De noite revolven todo.







Alumnado de 1º

# Xogos Populares

Os xogos populares forman parte da cultura. Van pasando de xeneración en xeneración. O seu nome, as súas regras e os materiais que se precisan soen ser sinxelos e poden variar duns lugares a outros.
No colexio, cada ano, practicamos algúns deses xogos e descubrimos que non son necesarias a Wii, a DS nin a Play para divertirnos.

## XOGOS DE CANICAS OU BOLAS

"O CAZO" ou "CORRILLO"

Soen xogar de dous a cinco xogadores.
Ríscase on círculo no chan (o cazo). A dous ou tres metrosdocazodebuxaseunharaiadesaída.Cada xogador ten que poñer unha bola como prenda dentro do cazo para comezar a partida. O obxectivo do xogo é, lanzandounhacanica, tratar de quitar do cazo as bolas depositadas e dese xeito gañalas.





## CARREIRAS DE SACOS

Cada participante na carreira métese dentro dun saco, aguantando o bordo coas mans á altura da cintura. Cando se dá a saída, comeza a carreira a pulos, tratando de chegar á meta antes que os outros xogadores.

## A PITA CEGA

Xógase nun recinto cerrado e sen obstáculos. Rífase para saber quen é a pita cega. A o elexido véndanselle os ollos para que non mire nada Despois de cantarlle unha cantiga, a pita intenta pillar a algún compañeiro. Cando o da pillado ten que adiviñar quen é. Se o cosegue, cámbiase de pita, pero se non o fai continúa sendo a mesma.





## SALTAR Á CORDA

Son xogos nos que se trata de saltar mentres unha corda xira no aire impulsada pola mesma persona que salta ou por outras dúas que son as que "dán". Se a corda lle bate nos pés e para de xirar, o saltador perde a súa vez. Normalmente sáltase seguindo o ritmo de algunha cantiga.



## MARIOLA

Existen varias modalidades do xogo da mariola, pero básicamente todas consisten en ir lanzando unha pedra plana (chapa) por un percorrido con varias casiñas pintado no chan polo que hai que ir pasando á pata coxa ata recuperala. O xogador que guinde a chapa fóra do sitio que lle corresponda ou pise as liñas no percorrido, perde o seu turno.

## O BRILÉ

Fórmanse dous equipos do mesmo numero de xogadores. A zona de xogo divídese en catro partes mediante tres líneas paralelas. Cada equipo sitúase no seu terreo de xogo na parte central do campo. O obxectivo do xogo é "brilar" aos contrarios dándolles cunha pelota. Os xogadores "brilados" pasan ao "cemiterio" do seu equipo, que son as zonas situadas nos fondos do campo.
Gaña o equipo que consegue eliminar antes a todos os rivais.





## O PANO

Xogan dous equipos. Un dos participantes fai de xuíz. Divídese o campo de xogo con tres liñas paralelas. Cada equipo colócase detrás dunha das liñas laterais e numera aos seus xogadores. O xuíz, situado na liña central e sostendo o pano, di un número. Os dous nenos que teñen dito número achéganse para coller o pano e levalo ata o seu campo sen que o outro o pille e o elimine. Se o consigue é o rival o que queda eliminado.
Remata o xogo cando un equipo perde todos os xogadores.

## O TROMPO

O trompo ( peón, pión, buxaina, nosella, sevillana, pimpona ... ) é un xoguete feito de varias clases de madeira torneada, que leva unha punta de ferro para que xire con facilidade.
Existen moitos xogos co peón, pero en todos eles hai que facelo bailar. Para conseguilo enrólaselle unha corda ou "piola" na "barriga" e lánzase contra o chan.






*Alumnado de 5º*


CURSO
2011-12
INFANTIL
5
ANOS

# ASÍ VEMOS NÓS OS DINOSAUROS



















E. Infantil 5 anos












# XA SOMOS XENTE IMPORTANTE: ESTAMOS EN YOU TUBE!!!!!!!

Este curso, os nenos e nenas de segundo fixemos un vídeo do conto “Mariluz Avestruz”. Traballamos co conto na clase e despois fixemos os nosos debuxos e gravamos coas nosas voces a historia.




Estes son só algúns dos debuxos do conto

O conto é moi longo para poder poñelo na revista, pero se queredes pasar un bo ratiño co vídeo podedes velo no noso blog **xizepizarra.blogspot.com**

Nestas fotografías podese ver como foi o traballo de creación da historia.



# CONSTRUIMOS XOGOS: O TANGRAM

## O tangram

É un xogo chinés moi antigo que está formado por sete pezas: 5 triángulos, un cadrado, e un romboide. Consiste en formar siluetas coas pezas sen solapalas.





Na nosa clase estivemos facendo un. Partimos dun cadrado e fomos dobrando e cortando todas as pezas. Cando rematamos de recortalo, xogamos e... ¡Xa temos un tangram!





Alumnado de 2º

## UN CONTO CO TANGRAM: “O neno que perdeu o seu can”

O  que perdeu o seu 

“Unha historia feita cun tangram”.

Nunha fermosa  vivía un neno co seu 

Era un neno moi alegre que lle gustaba moito 

Pero un día perdeuse o seu can

púxose moi... 

Fixo un debuxo do seu can e ensinoullo a moita xente.

Alguén lle dixo que o vira no peirao, cerca do mar e marchou...

En canto se viron, foron correndo un cara ó outro

 

Foi tanta a alegría que, aproveitando que estaban á beira do mar...

Foron dar un paseo en... 

Alumnado de 2º

## Eduación Medio Ambiental

### 5 de xuño Día Mundial do Medio Ambiente.



As nenas e nenos de 3 anos do CEIP de Pontesampaio estamos moi moi preocupados polo medio ambiente, tanto é así que este curso dedicamos gran parte do noso tempo a aprender como se coidan os animais e como se coidan as plantas, pero non só iso, senón que tamén aprendermos a plantar árbores e prantas e a coidar das nosas mascotas.

O día mundial do Medio Ambiente estivemos falando de como podíamos nós axudar a coidar o noso contorno e chegamos a tres conclusións:

1. Temos que axudar a manter limpo o noso planeta e a melloralo para que sexa cada día máis fermoso.
2. Debemos protexer e coidar os animais. E decatámonos de que aos animais non lles gusta estar encerrados e nós tiñamos tres grilos na nosa aula que estaban encerrados e xa tiñan cara moi triste, así que con gran pesar (porque nos facían moita compañía e nos daba moita alegría oílos cantar) decidimos soltalos.
3. Debemos aprender a reciclar, reusar e reutilizar. Isto último encántanos e levámolo practicando dende principio de curso facendo moitas manualidades con material de refugallo, coa axuda da profe ou dos nosos pais:













***COIDA O TEU MUNDO, COIDA O MEDIO AMBIENTE***

*E. Infantil 3 anos*

# ORLA


ABELINO
PROFE JOSÉ LUIS
LAURA
LOLI
PROFE CONCHI
PROFE SILVIA
PATRICIA
MARIA

# Un veciño novo



Na clase de 6º temos un novo alumno. Non pensedes que é un neno, é un paxaro que todos os días nos ven a visitar. E sabedes por que? Pois porque ten un niño na nosa ventá. É un niño grande, feito con palla, herba e incluso plástico. Sempre que ven eu míroo porque son a única da clase que as cortinas non lle tapan a vista. É de cor marrón escuro e moi bonito.

A nosa profe, un día díxonos que puxeramos un cartel na ventá para que non se rompera o niño ao abrila, eu, fun e púxeno. Dende ese día o paxaro ven sempre. Nós, pasamos todo o día a mirar para él, ata que un día, a profe, dixo que como volveramos a poñernos a velo quitábao de alí. Todos pensamos moi ben o que nos dixera a profe, aínda que de vez en cando... mirámolo, pero só un pouquiño...

A min paréceme ben que esté ahí porque non ocorre todos os días o de ter un niño na clase. Gustaríame que puxera ovos e poder ver aos paxariños.

Judit 6º


EDUCACIÓN INFANTIL 4 AÑOS

# SISTEMA SOLAR

DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE ESTIVEMOS APRENDENDO UN MONTÓN DE COUSAS SOBRE OS PLANETAS...





TAMÉN APRENDEMOS O QUE ERA UN COMETA






E MESMO FIXEMOS UNHA CONSTELACIÓN COMO A OSA MAIOR




DESCUBRIMOS QUE A LÚA NON SEMPRE ESTÁ IGUAL SENÓN QUE PASA POR DIFERENTES FASES





POR ÚLTIMO FIXEMOS ESTE MURAL



# Quen é quen?



Aínda que non o creades os adultos que traballamos no CEIP Ponte Sampaio tamén fomos pequenos.

Podes adiviñar que foto é a de Avelino, Juán, Jose, Raúl, Silvia, Patricia, Alicia, Carmen, María, Loli, Conchi (3º y 4º), Conchi (Relixión), José Luis e “a teacher” ?



*Atoparás a solución agochada nalgún lugar da revista.*















Portada

# Sumario

Liminar ........ 2
As flores ........ 3
Que lío de calcetíns ! ........ 5
Hoxe fomos en ambulancia ........ 7
Día das letras Galegas ........ 8
Cousas nosas ........ 9
Os animais ........ 10
Os versos de García Teijeiro ........ 11
Pai, fillo e nai ........ 13
Paxaros de cidade ........ 14
Simulacro de evacuación ........ 15
Distintos pero iguais ........ 17
Carnaval ........ 20
Imos de festa ........ 21
A Voz do Verdugo ........ 24
Os nosos autores ........ 26
O mel ........ 29
Seres fantásticos da tradición galega ........ 31
Xogos populares ........ 33
Os dinosaurios ........ 35
Mariluz Avestruz ........ 38
O tangram ........ 39
Educación Medio Ambiental ........ 41
Orla dos profes ........ 42
Un veciño novo ........ 43
Sistema Solar ........ 44
Quen é quen? ........ 47

**O equipo de Normalización e Dinamización Lingüística manifesta que algúns traballos presentan incorreccións ligüísticas propias das idades dos alumnos/as.**

**Aínda sendo comentadas e explicadas polo profesorado responsable, non foron correxidas, respectando na maioría dos casos a presentación orixinal.**